## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo accións que teñen por finalidade o impulso da mellora da formación do noso alumnado no coñecemento das linguas estranxeiras pertencentes ao espazo cultural europeo.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece, no artigo 59, que as ensinanzas de idiomas teñen como finalidade capacitar o alumnado para o uso axeitado dos diferentes idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, e concrétase a súa organización nos niveis básico, intermedio e avanzado. Neste mesmo artigo ditamínase que as ensinanzas do nivel básico terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Polo antedito, cómpre establecer unhas novas bases reguladoras que lle ofrezan ao alumnado a posibilidade de acceder a unha formación complementaria en lingua estranxeira nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional e que estea baseada no Marco común europeo de referencia para as linguas, documento que unifica as directrices para a aprendizaxe e o ensino de linguas.

Trátase de preparar o alumnado para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, e polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro (DOG do 9 de outubro).

En consecuencia co anteriormente exposto, e en virtude das competencias que lle son atribuídas pola normativa vixente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

*Sección 1.ª Disposicións xerais*

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras e organizativas do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE,

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional, co fin de preparar este alumnado para as probas de certificación dos niveis das ensinanzas especializadas de idiomas reguladas polo Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, e polo Decreto 191/2007, do 20 de setembro (DOG do 9 de outubro).

2. Esta orde é de aplicación nos centros públicos que imparten ensino secundario e formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan autorizados para ofertar algunha modalidade do programa.

*Sección 2.ª Ordenación do Programa CUALE*

Artigo 2. *Modalidades do programa.*

O Programa CUALE desenvolverase baixo as seguintes modalidades:

1. CUALE A1: cursos dirixidos á obtención do nivel A1 do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCERL).

2. CUALE A2: cursos dirixidos á preparación para as probas de certificación do nivel A2 do MCERL.

3. CUALE B1: cursos dirixidos á preparación para as probas de certificación do nivel B1 do MCERL.

4. CUALE B2: cursos dirixidos á preparación para as probas de certificación do nivel B2 do MCERL.

Artigo 3. *Organización e desenvolvemento do programa.*

1. O programa desenvolverase fóra do horario lectivo ao longo do curso escolar.

2. A participación no programa será voluntaria e gratuíta para o alumnado a que vai dirixido.

3. A oferta de calquera das modalidades levarase a cabo tendo en conta a dispoñibilidade de recursos materiais e humanos dos centros.

4. As programacións didácticas das ensinanzas correspondentes ás distintas modalidades realizaranse tendo en conta os niveis descritos no MCERL.

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

5. A programación dos cursos deberá ser recollida nas programacións didácticas dos departamentos de linguas estranxeiras correspondentes, que incluirán, se é o caso, as distintas modalidades que oferte o centro.

6. O número de alumnado para a constitución dos grupos nas distintas modalidades será de entre 10 e 20. Excepcionalmente poderá autorizarse a constitución de grupos cun número inferior de alumnado.

Artigo 4. *Condicións de acceso a cada unha das modalidades.*

1. Estas ensinanzas van dirixidas ao alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos e poderá acceder a elas o alumnado do propio centro e tamén o doutros centros.

2. As condicións de acceso a cada modalidade son as seguintes:

a) CUALE A1: poderá cursar esta modalidade o alumnado que teña superadas todas as materias do segundo curso de educación secundaria obrigatoria, e que estea matriculado no terceiro curso no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos.

b) CUALE A2: poderá cursar esta modalidade o alumnado que teña superadas todas as materias do terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, e que estea matriculado no cuarto curso no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos. Así mesmo, poderá cursar esta modalidade o alumnado matriculado en ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio, matriculado no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos.

c) CUALE B1: poderá cursar esta modalidade o alumnado de bacharelato, de ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio e de grao superior que estea matriculado no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos. Así mesmo, poderá cursar o CUALE B1 o alumnado que posúa o certificado do nivel básico das escolas oficiais de idiomas (EEOOII) ou, se é o caso, outros certificados de nivel A2 do MCERL expedidos por entidades de recoñecido prestixio, segundo o disposto na Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas (DOG do 26 de abril).

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

d) CUALE B2: poderá cursar esta modalidade o alumnado de bacharelato, de ciclos formativos de formación profesional específica de grao superior e que estea matriculado no centro que imparte a devandita modalidade ou noutros centros educativos sostidos con fondos públicos. Así mesmo, poderá cursar o CUALE B2 o alumnado que posúa o certificado do nivel intermedio das EEOOII ou, se é o caso, outros certificados de nivel B1 do MCERL expedidos por entidades de recoñecido prestixio segundo o que dispoña a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 5. *Organización dos cursos CUALE.*

1. A formación para cada modalidade organizarase cunha duración dun curso escolar, de xeito que, coa excepción dos asistentes ao curso CUALE-A1, ao finalizalo o alumnado estea en condicións de superar as probas de certificación das escolas oficiais de idiomas.

2. Os obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación terán como referencia os respectivos niveis do MCERL.

3. O profesorado dos centros docentes públicos que imparta esta modalidade será o responsable da elaboración e avaliación de probas para certificar o aproveitamento do curso, que se axustarán, en todo caso, aos criterios e á estrutura establecidos na correspondente programación didáctica.

4. Ao finalizar o curso o profesorado de linguas estranxeiras implicado no programa deberá elaborar unha memoria, conforme o estipulado no artigo 13 desta orde.

Artigo 6. *Avaliación e certificación.*

1. O profesorado responsable desta formación realizará probas ao remate do curso correspondente a cada modalidade.

2. A superación das devanditas probas suporá a expedición por parte do centro de dous tipos de certificación:

a) Certificado do nivel básico A1 de competencia no CUALE A1.

b) Certificado de aproveitamento do curso preparatorio para as probas de certificación das EEOOII, no resto das modalidades.

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

3. Para a avaliación positiva do curso será preciso ter unha cualificación igual ou maior de 5, sobre 10, nas probas de aproveitamento.

4. No caso de non ter avaliación positiva no curso, o alumnado poderá inscribirse na mesma modalidade por segunda e última vez.

*Sección 3.ª Autorización dos centros para participar no Programa CUALE*

Artigo 7. *Solicitude e documentación.*

1. Para participar no programa os centros educativos deberán presentar a súa solicitude, segundo o modelo que figura no anexo I desta orde e que tamén se pode descargar no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas xefaturas territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, antes do 10 de xuño, indicando as modalidades que pretenden ofertar de entre as que se sinalan no artigo 2 desta orde, así como o número de alumnado preinscrito por modalidade e idioma.

2. Xunto coa solicitude deberán achegar: certificación da aprobación da solicitude por parte do consello escolar do centro e de que o profesorado que vai impartir a docencia ten destino definitivo no centro.

3. A xefatura territorial remitirá, antes do 30 de xuño, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a documentación recibida acompañada dos informes dos servizos provinciais de inspección educativa en que se fará constar a dispoñibilidade horaria do profesorado que vai impartir a modalidade.

Artigo 8. *Autorización.*

1. Correspóndelle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a autorización da impartición deste programa nos centros educativos seleccionados, considerando a demanda, dispoñibilidade horaria do profesorado e os recursos existentes no centro.

2. Os centros educativos autorizados comunicaranlle á Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, antes do 31 de outubro, a relación do alumnado por modalidade e idioma.

3. Os servizos provinciais de inspección educativa velarán para que as modalidades impartidas cumpran o previsto nesta orde, en especial a elaboración da programación didáctica, o horario e duración dos cursos, así como a *ratio* mínima para a formación de grupos.

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

*Sección 4.ª Organización dos centros adscritos ao Programa CUALE*

Artigo 9. *Profesorado participante no programa.*

Estes cursos serán impartidos polo profesorado de ensino secundario, de lingua estranxeira, con destino definitivo no centro. A coordinación desta formación complementaria será responsabilidade da xefatura do departamento correspondente de linguas estranxeiras do centro educativo en que se imparta.

Artigo 10. *Calendario e horario.*

As clases para as catro modalidades seguirán o calendario escolar establecido para as ensinanzas de réxime xeral, e desenvolveranse en tres ou catro períodos lectivos semanais.

Artigo 11. *Instalacións.*

Os centros docentes en que se impartan as modalidades recollidas nesta orde deberán dispor dunha aula dotada do material necesario para a ensinanza de idiomas.

Artigo 12. *Inscrición do alumnado no programa.*

1. Con carácter xeral, os centros que desexen impartir as modalidades descritas nesta orde deberán realizar no mes de xuño a preinscrición do alumnado que desexe acceder aos devanditos cursos.

2. A inscrición realizarase na secretaría do propio centro ata o día 15 do mes de setembro. O alumnado procedente doutros centros deberá acompañar a súa solicitude dunha certificación expedida pola dirección do seu centro que acredite que está a cursar os estudos requiridos, ou a certificación do nivel de competencia lingüística necesaria para a modalidade correspondente.

Artigo 13. *Memoria.*

1. Os centros que estean a participar nas distintas modalidades establecidas nesta orde deberanlle remitir anualmente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, antes do 30 de xuño, unha memoria final, que tamén se incluirá na memoria final de curso que o centro remite aos servizos provinciais de inspección educativa.

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

2. Esta memoria, que poderá ter formato de formulario "en liña", deberá recoller os seguintes puntos:

a) Valoración do alumnado participante: nivel de partida e asistencia, entre outros.

b) Valoración do profesorado responsable sobre os obxectivos alcanzados e sobre o funcionamento do programa.

c) Copia das probas realizadas.

d) Acta final en que se faga constar a modalidade e o idioma cos participantes e as súas cualificacións expresadas numericamente de 1 a 10. Na devandita acta deberá figurar o visto e prace da persoa directora do centro.

e) Propostas de mellora.

Disposición adicional única.

A dirección de cada centro educativo arbitrará as medidas necesarias para que o contido desta orde sexa coñecido por todos os sectores da comunidade educativa. O contido desta orde e a información complementaria, así como o modelo de solicitude, atoparanse no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Disposición transitoria única.

Os centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia que estean autorizados para a impartición do Programa de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras, CUALE, de acordo coa Orde do 3 de xuño de 2010, que desexen seguir formando parte do programa deberán presentar o anexo I e a memoria establecida no artigo 13 desta orde dentro do prazo establecido, considerándose autorizados sempre que cumpran as condicións establecidas por esta orde.

Disposición derrogatoria única.

Queda derrogada a Orde do 3 de xuño de 2010 pola que se establece o Programa de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

Disposición derradeira primeira.

Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde no seu ámbito competencial.

Disposición derradeira segunda.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ANEXO I*

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***PROGRAMA DE CURSOS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DA APRENDIZAXE DE LINGUAS ESTRANXEIRAS DO ALUMNADO, CUALE, NOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS, INSTITUTOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA E CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL*** | ***ED530A*** | ***SOLICITUDE*** |

**MODALIDADES SOLICITADAS:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| ☐ CUALE-A1 alemán | ☐ CUALE-A2 alemán | ☐ CUALE-B1 alemán | ☐ CUALE-B2 alemán |
| ☐ CUALE-A1 francés | ☐ CUALE-A2 francés | ☐ CUALE-B1 francés | ☐ CUALE-B2 francés |
| ☐ CUALE-A1 inglés | ☐ CUALE-A2 inglés | ☐ CUALE-B1 inglés | ☐ CUALE-B2 inglés |

**DATOS DO CENTRO:**

| CÓDIGO | NOME | |
|---|---|---|
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO |
| TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO | |

**PROFESORADO ESPECIALISTA EN LINGUAS ESTRANXEIRAS, CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA, QUE SE COMPROMETE A PARTICIPAR**

| **1. APELIDOS E NOME** | | NIF |
|---|---|---|
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO |
| IDIOMA | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
| **2. APELIDOS E NOME** | | NIF |
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO |
| IDIOMA | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
| **3. APELIDOS E NOME** | | NIF |
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO |
| IDIOMA | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
| **4. APELIDOS E NOME** | | NIF |
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO |
| IDIOMA | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 97 | Venres, 20 de maio de 2011 | Páx. 10367

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA: (marcar cunha cruz)**

- ☐ Certificación da aprobación da solicitude por parte do consello escolar.
- ☐ Título de funcionario de carreira e acreditación de destino definitivo no centro do profesorado que impartirá a docencia.
- ☐ Certificación da dirección do centro do número de alumnos e alumnas preinscritos en cada modalidade do programa.

Don/Dona

como director/a do centro

SOLICITA a participación no Programa CUALE, de acordo co previsto na Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establece o Programa de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

*Lugar e data*

, de de

O/A director/a do centro (selo do centro)

Asdo.:

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 12 de maio de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras do alumnado, CUALE, nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA ____ /____/______

DATA DE EFECTOS ____ /____/______

DATA DE SAÍDA ____ /____/______

*DIRECTOR XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA.*
*CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.*

CVE-DOG: 5bd68505-0910-48d4-8f19-70e04fd43b8c